

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.<sup>a</sup>,  
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 24.03.2017      Hora: 10:30

A Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 24 de marzo de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Comparecencia**

1.1 6050 (10/CPC-000003)

Do Sr. secretario xeral de Política Lingüística, por petición propia, para informar sobre as actividades de promoción e dinamización da lingua galega

**Punto 2. Propositions non de lei**

2.1 4032 (10/PNC-000375)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Ministerio de Facenda do Estado español para dotar o Ateneo de Ourense dun espazo axeitado e coas condicións requiridas para continuar coa súa actividade sen ánimo de lucro

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017*

2.2 5391 (10/PNC-000517)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a dotación polo Goberno galego dunha praza máis de docente ao Centro Rural Agrupado Antía Cal de Muras

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017*

2.3 5525 (10/PNC-000531)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a colaboración da Xunta de Galicia no proxecto municipal para o acondicionamento e recuperación do parque do Pasatempo, de Betanzos, o inicio do expediente para a súa catalogación como ben de interese cultural, así como a elaboración dun plan para a súa conservación e mantemento

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2017

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.<sup>a</sup>, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

## **Vogais**

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

**Reunión da Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**

**Día: 24.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Comparecencia

**Reunión da Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**

**Día: 24.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

**1.1 6050(10/CPC-000003)**

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Do secretario xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar sobre as actividades de promoción e dinamización da lingua galega



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a comisión 4ª, Educación e Cultura, e a petición propia, do secretario xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para informar sobre **“as actividades de promoción e dinamización da lingua galega”**.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

**Reunión da Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**

**Día: 24.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.      Proposicións non de lei



**Reunión da Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**

**Día: 24.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 4032(10/PNC-000375)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Ministerio de Facenda do Estado español para dotar o Ateneo de Ourense dun espazo axeitado e coas condicións requiridas para continuar coa súa actividade sen ánimo de lucro

*Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/01/2017 09:30  
Nº Rexistro: 4032  
Data envío: 24/01/2017 19:05:53.491



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Concepción Burgo López e Luis Manuel Alvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

## Exposición de motivos

No ano 1969, rematado o que en Ourense é coñecido como “edificio da Torre”, a caixa de aforros propietaria deste, e en compensación polos problemas urbanísticos xurdidos derivados da construción do mesmo, cedeu varias dependencias deste edificio, que foi declarado “edificio singular”, á cidade. Nun deses locais, na entreplanta, asentouse o Ateneo, cuxo aluguer pagaba primeiro o Ministerio de Información e Turismo, e posteriormente a Xunta de Galicia.

O Ateneo, nunha época na que o debilitamento da ditadura comezaba a ser patente, fomentou as actividades de oposición ao franquismo favorecendo a confluencia de diversos movementos de protesta, sendo dende os seus inicios un verdadeiro reduto para debater en liberdade, e un referente de tolerancia e diversidade. Este espazo aberto á sociedade aglutinou a persoeiros do mundo da cultura e da sociedade ourensán tan insignes coma os escritores Vicente Risco e Blanco Amor, o doutor Cabaleiro Goás, o pintor Xaime Quesada, ou aos políticos Celso Montero e Peña-Rey. Coa chegada da democracia o Ateneo mantivo a súa acción, formando parte da súa programación actividades culturais, roldas de prensa de plataformas cidadás, actos de solidariedade, debates políticos, ou actividades varias como campionatos de xadrez.

O ano 2010 marcou o comezo dun camiño complicado e complexo que chega ata o día de hoxe, cun futuro incerto para a supervivencia da entidade. Unha orde de desaloxo, froito de intereses urbanísticos e económicos ante a que a Xunta de Galicia reaccionou con resignación e complicidade, obrigaba ao Ateneo a abandonar os seus locais históricos, o

que supoñía ter que asumir un custo ata entón inexistente: o pago dun aluguer. Finalmente en novembro do ano 2011 prodúcese o desaloxo do espazo que viña ocupando tradicionalmente esta institución.

Tras idas e vindas, o Ateneo instalouse finalmente, compartindo local co Club de Tenis de Ramirás, quen lles cedeu parte das instalacións. Pero en 2014, o baixo no que se atopa foi posto á venda, e cando esta se produza, se os novos donos non permiten ao Ateneo continuar, a entidade enfrontarase, con toda probabilidade, ao final do seu camiño, xa que lle resultará moi difícil atopar outro espazo cuxo custo poida asumir.

Neste contexto, o 9 de marzo de 2016 aprobouse na Comisión 4ª de Educación e Cultura unha proposición non de lei do Grupo Socialista, segundo a cal se chegaba ao seguinte acordo: “O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a consultar co Ministerio de Hacienda do Estado Español o rexistro de locais baleiros de titularidade pública, para que se abra un proceso de negociación encamiñado a dotar dun local ao Ateneo de Ourense para que continúe coa súa actividade sen ánimo de lucro garantindo que os contactos se produzan no prazo máximo dun mes”.

Posteriormente, preguntado polo Grupo Socialista no Pleno do Parlamento de Galicia sobre a situación no que se atopaban as negociacións para dotar ao Ateneo de Ourense dun local, o Conselleiro de Cultura afirmaba que “o 20 de abril a Consellería recibira unha notificación da Delegación de Economía e Facenda onde se comunicaba que, tendo en conta as características do espazo demandado e tendo en conta o inventario de bens que tiña a Axencia Tributaria, a axencia estatal en Ourense non dispuña de locais baleiros adecuados ás necesidades demandadas”, ao tempo que recoñecía que “existen locais, pero agora hai que ver se eses locais que existen cumpren os requisitos demandados e comunicados por parte da directiva á Consellería.”

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Consultar co Ministerio de Hacienda do Estado español e coa Facenda autonómica, no prazo máximo dun mes, o rexistro dos locais baleiros de titularidade pública para dotar ao Ateneo e Ourense dun espazo axeitado e coas condicións requiridas para continuar coa súa actividade sen ánimo de lucro.
2. Dotar ao Ateneo de Ourense, antes de que remate o ano 2017, dun espazo de titularidade pública axeitado e coas condicións requiridas para que esta entidade continúe coa súa actividade sen ánimo de lucro.

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Concepción Burgo López  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 24/01/2017 18:55:31**

**Raúl Fernández Fernández na data 24/01/2017 18:55:38**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 24/01/2017 18:55:52**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 24/01/2017 18:55:59**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/01/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 4032**  
Data envío: 24/01/2017 19:05:53.491



---

 **Grupo Parlamentario**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/01/2017 18:56:05**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**

**Día: 24.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 5391(10/PNC-000517)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a dotación polo Goberno galego dunha praza máis de docente ao Centro Rural Agrupado Antía Cal de Muras

*Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/02/2017 12:26  
Nº Rexistro: 5391  
Data envío: 20/02/2017 12:26:48.639

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

No presente curso 2016-2017 a Consellaría de Educación suprimiu unha praza docente no CRA Antía Cal de Muras, un centro de ensino que conta con 10 estudantes e unha única profesora para todos os cursos de Educación Infantil e Primaria xunto con outra docente que imparte dúas horas semanais de Inglés.

Esta supresión levouse a cabo mesmo tendo en conta que o centro conta neste curso con dous estudantes máis que no anterior e unha crianza con necesidades especiais.

A ANPA solicitou á Consellaría a través da Xefatura territorial que se incorporase máis unha persoa docente para garantir unha atención acaída. Así as cousas e malia que todo foron boas palabras inicialmente, non se lles proporcionará, cando menos neste curso académico. De feito, nin sequera foi avaliada por persoal da Xunta a crianza que precisaría dunha atención específica co obxectivo de determinar se necesitaría dunha profesora ou profesor que cubrise as súas necesidades malia que a familia aportou unha valoración sanitaria ao respecto.

Por todo o exposto, fórmase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/02/2017 12:26**  
**Nº Rexistro: 5391**  
Data envío: 20/02/2017 12:26:48.639

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a fornecer o CRA Antía Cal de Muras de máis unha praza docente de acordo coas necesidades do centro.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/02/2017 12:25:17**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/02/2017 12:25:25**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/02/2017 12:25:29**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/02/2017 12:25:32**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/02/2017 12:26**  
**Nº Rexistro: 5391**

Data envío: 20/02/2017 12:26:48.639

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2017 12:25:35**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/02/2017 12:25:38**

**Reunión da Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**

**Día: 24.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 5525(10/PNC-000531)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a colaboración da Xunta de Galicia no proxecto municipal para o acondicionamento e recuperación do parque do Pasatempo, de Betanzos, o inicio do expediente para a súa catalogación como ben de interese cultural, así como a elaboración dun plan para a súa conservación e mantemento

*Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/02/2017 17:32  
Nº Rexistro: 5525  
Data envío: 22/02/2017 17:32:40.309



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.ª**, sobre o estado de abandono do parque “O Pasatempo” de Betanzos.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de varias fases de recuperación producidos nas últimas décadas, o parque betanceiro do Pasatemplos vén padecendo un crecente estado de abandono. Vexetación que sobe por muros e esculturas, auga sucia nos estanques, zonas usadas como escombreciras, e un longo etcétera de síntomas do declive que padece este espazo único no país que se viu agravado cos temporais producidos nas últimas semanas en Galicia. De feito, nas últimas semanas un dos muros do parque acabou por derrubarse.

Se ben entre 1993-1996 se inveteron 362.128€ en obras de rehabilitación e recuperación de xardíns, estas obras requirían labores de mantemento continuo que nunca se levaron a cabo. Así, elementos restaurados nese período sofren de novo un mal estado, posiblemente irreversible. En 2010, o Concello anunciou novas obras de mellora que requiría unha inversión superior ós 160.000 € que incluían dende melloras no drenaxe a solucións didácticas para a dinamización do recinto, ademais da construción dunha caseta para recepción na entrada. Intervencións que non se realizaron nunca, nin sequera se inverteu nas tarefas básicas de limpeza e seguridade.

Ante este estado de abandono, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- Colaborar de xeito inmediato no proxecto municipal de acondicionamento para que o Parque O Pasatempo recupere o aspecto alcanzado tralas melloras realizadas nos anos noventa.
- Incoar o expediente para a catalogación do Parque O Pasatempo como Ben de Interese Cultural (BIC).
- Elaborar un plan de conservación e mantemento de xeito que se optimicen os investimentos realizados.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez  
Ánxeles Cuña Bóveda  
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 22/02/2017 17:30:37**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/02/2017 17:30:46**

**Luis Villares Naveira na data 22/02/2017 17:30:56**